

## Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de febreiro do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 22 de febreiro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 8 de febreiro de 2017.

2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).

3º.- Licenza de obra menor.

4º.- Prezos p3blicos:

4.1.- Prezo p3blico: Ofimática 2017.

4.2.- Prezo p3blico: Falando de emprego 2017.

4.3.- Prezo p3blico: Competencias clave nivel 2.

4.4.- Prezo p3blico: Manipulador de produtos fitosanitarios.

4.5.- Prezo p3blico: Manipulador de alimentos 2017.

5º) Prezo p3blico: Vacaci3ns para a terceira idade do Concello de Bri3n 2017.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2017.**

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 8 de febreiro de 2017.

### **SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MARIA DEL CARMEN LOIS IGLESIAS, con domicilio en Gontade 5, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Gontade 5, Os Ánxeles, de 136 metros de lonxitude, con base de adobe e arame por encima, ata unha altura máxima de 1,80 metros, medidos sobre a rasante do terreo. O peche situarase a 4 metros do eixo dos cami3os cos que linda.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edifi3n, séndolle de aplicaci3n a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que a parte opaca de fábrika teña unha altura máxima de 1,20 metros e quede enfuscada e pintada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por SERAFIN CEA FONTANS, con domicilio en Sabaxáns 38, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Sabaxáns 38, Bastavales, de 20 metros de lonxitude, con bloque de formig3n ata 1,20 metros de alto, medidos desde a rasante do terreo e con maia metálica ata 1,80 metros.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicaci3n a ordenanza nº1 (UC-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que o bloque de formig3n quede enfuscado e pintado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por HERMOSINDA REGUEIRO GRELA, con domicilio en Soutullos 1, San Salvador, na que comunica que vai revestir as 4 fachadas da vivenda de Soutullos 1, San Salvador, mediante a execución dun sistema SATE.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSE ELISEU MERA QUINTAS, con domicilio no Outeiro 41, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un peche de parcela no Outeiro 41, Os Ánxeles, segundo memoria redactada polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco X. Liñares Túñez, con parte opaca ata 1,20 metros e parte diáfana ata unha altura máxima de 1,80 metros sobre a rasante do terreo. O peche, na parte que linda co camiño situarase a 4 metros do eixo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a parte opaca de fábrica de bloque de formigón quede enfuscada e pintada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GARCIA MIRAZO, con domicilio en Chave de Carballo 3, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 274 metros, a base de postes e arame, na parcela 1.266 do polígono 503, do lugar de Chave de Ponte, Bastavales. O peche terá unha altura de 1,50 metros medidos desde a rasante do terreo e retranquearase a 5 metros do eixo do camiño.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION SA, con domicilio na Avd. Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o punto de acceso á rede (PAR) existente ata a CPM a instalar polo cliente, cunha lonxitude total de canalización de 20 metros, na Avd. de Noia 18, Os Ánxeles, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal Lopez ( visado 20170210, do 31.01.2017).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que deberá presentar no concello con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **CUARTO.- PREZOS PÚBLICOS**

#### **4.1. Prezo público: Ofimática 2017.**

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de ofimática do ano 2017, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá, que actúa como Comisión especial de contas do concello, en sesión ordinaria do 14.02.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de ofimática do ano 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumnos cursos de 20 horas.....30,00 €
- Prezo público alumnos cursos de 40 horas.....50,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **4.2.- Prezo público: Falando de emprego 2017.**

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao programa falando de emprego 2017, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá, que actúa como Comisión especial de contas do concello, en sesión ordinaria do 14.02.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao programa falando de emprego 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumnos cursos.....gratuíto.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **4.3.- Prezo público: Competencias clave nivel 2.**

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de competencia clave de nivel 2, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá, que actúa como Comisión especial de contas do concello, en sesión ordinaria do 14.02.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de competencias clave de nivel 2, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumnos curso.....10,00 €/mes.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **4.4.- Prezo público: Manipulador de produtos fitosanitarios.**

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de manipulador de produtos fitosanitarios, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá, que actúa como Comisión especial de contas do concello, en sesión ordinaria do 14.02.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de manipulador de produtos fitosanitarios, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumnos curso.....60,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **4.5.- Prezo público: Manipulador de alimentos 2017.**

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de manipulador de alimentos, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá, que actúa como Comisión especial de contas do concello, en sesión ordinaria do 14.02.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de manipulador de alimentos, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumnos curso.....25,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **QUINTO.- PREZO PÚBLICO: VACACIÓNS PARA A TERCEIRA IDADE DO CONCELLO DE BRIÓN 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 20.02.2017 de prezo público para a realización da actividade de Vacacións para a terceira idade do Concello de Brión 2017 e dos informes da traballadora social Victoria Varela Rodríguez e de intervención.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a actividade de Vacacións para a terceira idade do Concello de Brión 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público por participante en habitación dobre.....435,00 €
- Prezo público por participante en habitación individual.....595,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González